

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA (INEGA), O INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO E DA COMPETENCIA (IGCC) E A FUNDACIÓN SOTAVENTO GALICIA, PARA A REALIZACIÓN EN CONCELLOS GALEGOS E MEDIANTE REDES SOCIAIS DUNHA ACTIVIDADE FORMATIVA PRÁCTICA CENTRADA NO AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO FOGAR, CON ESENCIAL INCIDENCIA EN CONSEGUIR O MAIOR AFORRO POSIBLE NA FACTURA ELÉCTRICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar coa Fundación Sotavento Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Inega, O IGCC e a Fundación Sotavento Galicia para a continuación da campaña “Dálle luz á túa factura”, que se realizou nos anos 2014, 2015 e 2016. Actuacións nas que se visitaron parte dos concellos galegos cunha grande aceptación por parte dos cidadáns que asistiron a estas charlas, e que xustifican que estas actuacións continúen no ano 2017 pola importancia que teñen os custos da factura da luz no gasto do fogar, a necesidade de chegar mediante este tipo de actuacións interactivas ao maior número posible de galegos e dar resposta ás reclamacións que cada vez máis fan os cidadáns sobre a factura da luz, dándolle a coñecer o seu contido, os dereitos que teñen, e as posibles estratexias de aforro.

Este obxectivo no exercicio 2017 levarase a cabo mediante a realización de dous tipos de actuación:

1ª.- Específicas: mediante un percorrido por parte dos concellos galegos que o soliciten, desenvolvendo accións encamiñadas a sensibilizar a cidadanía no ámbito da facturación de enerxía eléctrica e do aforro e eficiencia enerxética, a realización dunha xornada de



promoción da actividade en 7 das principais vilas galegas e a presentación da campaña en foros especiais, feiras, congresos e xornadas con asistencia de grande afluencia de público.

2ª.- Xeral: Mediante a utilización dunha web pública (xa creada anteriormente) na que se inclúen: Aplicacións que faciliten a comprensión da factura da luz así como ferramentas sinxelas de cálculo, porase a disposición da cidadanía un teléfono 900 gratuíto as 24 horas do día para resolver problemáticas particulares, a través de Facebook propiciaranse foros con actualización diaria sobre estes temas e Difusión nos medios de comunicación de consellos relacionados coa campaña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan en razóns de interese público xa que a Consellería de Economía Emprego e Industria, a través do Inega e do IGC, considera necesario impulsar a realización de actividades de interese xeral en materia de enerxía e consumo, como son a posta en marcha de actuacións de aforro enerxético, o asesoramento aos concellos de Galicia para a aplicación da tarifa eléctrica máis beneficiosa en función das súas características de potencia e consumo e a protección dos intereses económicos dos concellos galegos, tendo en conta ademais que, na conxuntura actual, ponse de manifesto certa problemática en materia de subministración eléctrica e aforro enerxético formulada pola meirande parte dos concellos, razóns polas cales ambas institucións consideran moi conveniente asinar este convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 7 de agosto de 2017

